

# NOTA INFORMATIVA

15/06/15

## O traballo das Educadoras e Educadores Sociais inspira un libro de relatos: **#EdusoHistorias**

- *“#EdusoHistorias: un viaje por la Educación Social” foi escrito por 23 profesionais da intervención social procedentes de diversos ámbitos de traballo e de diferentes puntos do Estado.*
- *“#EdusoHistorias: un viaje por la Educación Social” foi coordinado e editado polos responsables de Educablog.*
- *“#EdusoHistorias: un viaje por la Educación Social” está á venda ao prezo de 14 euros e pode adquirirse desde a plataforma online de autoedición Bubok.*

**Santiago, 15 de xuño.** A realidade supera a ficción. Esta máxima foi a que inspirou aos bilbaínos **Iñigo Rodríguez, Raúl Luceño, Asier Félix e Jorge Roz**, os responsables que están detrás de **EducaBlog (www.educablog.es)**, a embarcarse na elaboración e edición dun libro de relatos que, mediante a ficción, se explica a profesión da Educación Social.

Para facelo, ademais, decidiron que os acompañase un nutrido grupo de profesionais de diferentes puntos do Estado. E así, froito desta colaboración e deste traballo, xurdiu **“#EdusoHistorias: un viaje por la Educación Social”**, unha obra de **226 páxinas** ao prezo de 14 euros, que pode adquirirse a través da plataforma **Bubok**.

“EdusoHistorias: un viaje por la Educación Social” é unha obra de carácter vivencial na que os seus autores poñen o acento nas historias das persoas coas que comparten os procesos de cambio, proporcionando así un maior reflexo da realidade social, así como nas emocións que este traballo xera neste colectivo profesional das e os Educadores Sociais.

Un libro, con todo, que reúne **23 relatos de ficción** baseados en historias reais protagonizadas por estes profesionais e polas persoas coas e para as que traballan. Historias sobre infancia institucionalizada, sobre persoas con problemas de adicción, sobre

persoas sen fogar; contos sobre mulleres, sobre migrantes, sobre persoas maiores; relatos sobre diversidade funcional, sobre o traballo comunitario, persoas privadas de liberdade, con dificultades en saúde mental... Escritos, en definitiva, dun grupo de Educadores e Educadoras Sociais prologados por dous mestres na materia, **Segundo Moyano e Enrique Martínez-Reguera** e coordinados polo Equipo EducaBlog.

EducaBlog ([www.educablog.es](http://www.educablog.es)), espazo dedicado á Educación Social, leva traballando na visibilización da devandita profesión desde 2006. Ademais da web e das redes sociais nas que está presente, os seus responsables realizan accións formativas relacionadas coas TIC e a intervención social con diferentes colectivos (Colexios Profesionais, alumnado de institutos de secundaria, alumnado do grao universitario de Educación Social, etc.), realizaron o documental “**Conversando Educación Social: Proxecto #EducaBlog**” (2014), dispoñible gratuitamente na plataforma Vimeo, así como o libro “**EducaBlog 2006-2011: de la Red al Papel**” (2011) no que se recompilaban os artigos máis destacados escritos no primeiro lustro de vida do blog.

“#EdusoHistorias: un viaje por la Educación Social” preséntase en Galicia os próximos días **18 de xuño en Ourense e 19 de xuño en Vigo**, en sendos actos organizados polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, nos que intervirá o **equipo Educablog** xunto a **Alfonso Tembrás**, educador social especializado no eido das adicións e un dos autores colaboradores da publicación.

## **Datas, lugar e horarios das presentacións:**

### **OURENSE:**

Xoves 18 de xuño  
19:30 h.  
Liceo de Ourense  
Rúa Valentín Lamas Carbajal, 5

### **VIGO:**

Venres 19 de xuño  
19:30 h.  
Oficina Municipal do Casco Vello  
Rúa Oliva, 12

--

### **Contacto:**

Ceesg: Tlf. 981.55.22.06 | [ceesg@ceesg.org](mailto:ceesg@ceesg.org)

Alfonso Tembrás: Tlf. 636.57.01.57

**Nota:** Axúntanse cartaces dos actos de presentación e imaxe da portada do libro.